



PARLAMENTO  
DE GALICIA

**EMENDAS PRESENTADAS ÁS PNP E MOC PARA O PLENO DO 19/11/2019**



PARLAMENTO  
DE GALICIA

3. Mocións.....	3
3.1 10/MOC-000165 (0058883).....	3
(0058883) Entrada da iniciativa.....	4
(0058959) Emendas dos grupos parlamentarios .....	7
4. Proposicións non de lei ante o pleno.....	9
4.1 10/PNP-003312 (0044404).....	9
(0044404) Entrada da iniciativa.....	10
(0058941) Emendas dos Grupos Parlamentarios .....	14
(0058961) Emendas dos Grupos Parlamentarios .....	16
4.2 10/PNP-004121 (0055696).....	17
(0055696) Entrada da iniciativa.....	18
(0058950) Emendas dos Grupos Parlamentarios .....	21
(0058953) Emendas dos Grupos Parlamentarios .....	23
4.4 10/PNP-004215 (0057039).....	24
(0057039) Entrada da iniciativa.....	25
(0058952) Emendas dos Grupos Parlamentarios .....	28
4.5 10/PNP-004237 (0057248).....	30
(0057248) Entrada da iniciativa.....	31
(0058942) Emendas dos Grupos Parlamentarios .....	37
(0058962) Emendas dos Grupos Parlamentarios .....	38
(0058969) Emendas dos Grupos Parlamentarios .....	40
4.6 10/PNP-004287 (0057733).....	42
(0057733) Entrada da iniciativa.....	43
(0058951) Emendas dos Grupos Parlamentarios .....	47
4.8 10/PNP-004346 (0058344).....	49
(0058344) Entrada da iniciativa.....	50
(0058943) Emendas dos Grupos Parlamentarios .....	54
(0058958) Emendas dos Grupos Parlamentarios .....	57
(0058970) Emendas dos Grupos Parlamentarios .....	60

### **3. MOCIÓN.**

#### **3.1 10/MOC-000165 (0058883)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - María Montserrat Prado Cores

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coa situación laboral en Galicia. (Moción, a consecuencia da Interpelación nº 54440, publicada no BOPG nº 524, do 04.09.2019, e debatida na sesión plenaria do 12.11.2019)



(0058883) Entrada da iniciativa



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
 Data asento: 15/11/2019 12:49:16  
**Nº Rexistro: 58883**  
 Data envío: 15/11/2019 12:49:16.857



OFICINA PARLAMENTAR  
 Parlamento de Galiza  
 Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
 gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
 15702 Santiago de Compostela  
 Galiza

### Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria celebrada o pasado 13 de novembro, sobre a política do Goberno galego en relación coa situación laboral en Galicia (doc. núm **54440**, [10/INT-001817]).

#### Moción

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:

1.- Elaborar un minucioso estudo sobre a situación laboral das mulleres galegas e a impulsar as medidas necesarias, coa dotación económica precisa, que aborden as carencias que se detecten no informe, de cara a fomentar un emprego estábel e de calidade para as mulleres.

2.- Promover e vixiar o cumprimento da lexislación en materia de igualdade laboral e traballar transversalmente pola eliminación das discriminacións.

3.- Elaborar, en colaboración co Consello Económico e Social, o Consello Galego de Relacións Laborais e as universidades galegas un estudo sobre o impacto da fenda salarial na economía galega e unha exploración de propostas para intervir nela no ámbito das competencias propias.

4.- Dotar nos orzamentos da Xunta para 2020 unha partida económica suficiente, non testemuñal, para actuar na rebaixa da fenda salarial.

CSV: REXISTRO6R6SDUHS  
 Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramite/csv/>





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
 Data asento: 15/11/2019 12:49:16  
**Nº Rexistro: 58883**  
 Data envío: 15/11/2019 12:49:16.857



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
 Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
 gp\_bng@parlamentodegalicia.gal  
 15702 Santiago de Compostela  
 Galiza

5.- Presentar un informe no Parlamento galego, no primeiro trimestre de 2020 ,sobre o nivel de aplicación e cumprimento do acordo aprobado por unanimidade o 13 de marzo de 2019 que a continuación se transcribe:

*O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a impulsar as seguintes accións para a incorporación de cláusulas de igualdade na contratación pública galega:*

*a) Definir e aprobar, en colaboración coas forzas políticas, sindicais e axentes sociais e económicos, no prazo de 6 meses o proceso metodolóxico para a implantación de cláusulas de igualdade onde se contemple: diagnose, planificación para a posta en marcha e mecanismos de avaliación.*

*b) Designar unha comisión responsábel do seguimento do proceso e da avaliación periódica na que obrigatoriamente estea incorporada unha persoa representante da Secretaría Xeral de Igualdade.*

*c) Garantir un grupo técnico multidisciplinar para fornecer a asistencia técnica especializada que precisen as áreas de goberno.*

*d) Elaborar e remitir á Cámara Galega un informe anual da implantación progresiva das cláusulas de igualdade que incorpore información tanto estatística como cualitativa e a difusión de experiencias e boas prácticas*

*e) Impulsar as modificacións legais oportunas para blindar legalmente a obrigatoriedade da inclusión deste tipo de cláusulas na contratación pública galega.*

6.- Demandar do Goberno español:

a) O aumento dos efectivos de inspección laboral para incrementar as inspeccións e as sancións para que as categorías e os pluses non encubran desigualdade

CSV: REXISTRO6IR6DULH6  
 Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
 Data asento: 15/11/2019 12:49:16  
**Nº Rexistro: 58883**  
 Data envío: 15/11/2019 12:49:16.857



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
 Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
 gp\_bng@parlamentodegalicia.gal  
 15702 Santiago de Compostela  
 Galiza

salarial, para tal fin demandar a introdución na lexislación, de sancións económicas para aquelas empresas que non garantan a equidade salarial entre mulleres e homes.

b) A inmediata equiparación de dereitos laborais e protección social para as traballadoras de fogar e de coidados, incluídas as prestacións por desemprego, a cotización por salarios reais e iguais condicións para o cálculo das pensións. Demandar o recoñecemento pleno no Estatuto dos Traballadores e Traballadoras e integración completa no Réxime Xeral da Seguridade Social así como a sinatura do Convenio 189 da OIT.”

Santiago de Compostela, 15 de novembro de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Deputada do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 15/11/2019 12:48:21**

**Ana Pontón Mondelo na data 15/11/2019 12:48:30**

CSV: REXISTRO6IRKDUJ6  
 Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramite/csv/>





(0058959) Emendas dos grupos parlamentarios

## GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
 Data asento: 18/11/2019 17:40:19  
**Nº Rexistro: 58959**  
 Data envío: 18/11/2019 17:40:19.231


### Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, por iniciativa da súa deputada Eva Solla Fernández, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Emenda** á Moción do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, doc. núm. 58883, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coa situación laboral en Galicia, incluída na orde do día da sesión plenaria do 19 de novembro de 2019. (10/MOC000165)

### EMENDA DE ADICIÓN

Débense engadir, no punto 6, os seguintes apartados:

- c) Un cambio na regulación do traballo a tempo parcial para facela máis garantista, derrogando a lexislación que a ten convertido nun contrato chamada no que se concentra un maior número de irregularidades e fraude laboral, que afecta de maneira especial ás mulleres.
- d) Avanza na vía de subir o salario mínimo, cumprindo como mínimo, o acordo entre sindicatos e patronal de que a partir de xaneiro do 2020 se xa de 1.000 euros en 14 pagas.
- e) Regular con urxencia os permisos de maternidade e paternidade iguais, obrigatorios e intransferibles entre nais e pais como forma directa de combater a discriminación das mulleres na promoción interna e as carreiras profesionais.



CSV: REXISTROREGCOMLUB  
 Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramite/csv/>

Grupo Parlamentar  
 Grupo Común da Esquerda

+ 981 551 584  
[gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal)

# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REGISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 18/11/2019 17:40:19  
Nº Rexistro: 58959  
Data envío: 18/11/2019 17:40:19.231

- f) Xeneralizar a educación de 0 a 3 anos como medida que propicia a reincorporación laboral das mulleres.

Santiago de Compostela, 18 de novembro de 2019.

Asdo.: Eva Solla Fernández  
Deputada do G.P. Grupo Común da Esquerda  
Manuel Lago Peñas  
Voceiro do G.P. Grupo Común da Esquerda.

**Asinado dixitalmente por:**

**Eva Solla Fernández na data 18/11/2019 17:38:35**

**José Manuel Lago Peñas na data 18/11/2019 17:38:48**







#### **4. PROPOSICIÓN NON DE LEI ANTE O PLENO.**

##### **4.1 10/PNP-003312 (0044404)**

Grupo Parlamentario de En Marea - Luca Chao Pérez  
Grupo Parlamentario de En Marea - María de los Ángeles Cuña Bóveda  
Grupo Parlamentario de En Marea - Paula Quinteiro Araújo

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa introdución da educación afectivo-sexual no ensino



(0044404) Entrada da iniciativa



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa das súas deputadas **Luca Chao Pérez, Ánxeles Cuña Bóveda e Paula Quinteiro Araújo**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei, para o seu debate en Pleno**, sobre a introdución da educación afectiva e sexual no ensino.

Exposición de motivos

No informe de 2018 *Orientacións técnicas internacionais sobre educación en sexualidade. Un enfoque baseado na evidencia*, a Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura (UNESCO) ofrece unha nova definición da educación integral en sexualidade (EIS).

“A educación integral en sexualidade (EIS) é un proceso que se basea nun currículo para ensinar e aprender acerca dos aspectos cognitivos, emocionais, físicos e sociais da sexualidade. O seu obxectivo é preparar aos nenos, nenas e a mocidade con coñecementos, habilidades, actitudes e valores que os empoderarán para: realizar a súa saúde, benestar e dignidade; desenvolver relacións sociais e sexuais respectuosas; considerar como as súas eleccións afectan ao seu propio benestar e ao dos demais; e entender cales son os seus dereitos ao longo da vida e asegurarse de protexelos”.

A educación integral en sexualidade que propón a UNESCO caracterízase por ser cientificamente precisa –isto é, baseada na evidencia–, gradual, adecuada as idades e etapas do desenvolvemento dos rapaces e rapazas, favorable a

CSV: REXISTRO:NNUP06WC-9  
Verificación:  
<https://sede.parlamentod Galicia.gal/tramite/csv/>





satisfacción dos dereitos humanos e con base na igualdade de xénero. Por iso, parécenos un moi bo punto de partida para repensar a escasa educación afectiva e sexual que está a recibir a mocidade galega.

Segundo os profesionais da Sociedade Galega de Sexoloxía, a educación afectivo-sexual tería que comezar aos tres anos e chegar ata a universidade, algo que non está a suceder na nosa comunidade. En Galicia a educación sexual redúcese aos cursos e talleres que imparten a rede de centros Quérote e outras asociacións. Que isto é claramente insuficiente demóstrano os datos estatísticos dos que dispoñemos.

- Máis do 80% dos mozos e mozas entre 13 e 18 anos pensa que está ben ou moi ben informado acerca da sexualidade. Porén, un 9% admite non usar métodos anticonceptivos nas súas relacións.
- O 21% das rapazas (¡a quinta parte!) reconece ter recorrido á píldora do día despois ou a outro anticonceptivo de urxencia.
- O 3,6% dos adolescentes entre 13 e 18 anos afirman terse quedado embarazadas ou ter provocado un embarazo.

A educación integral en sexualidade, impartida por profesionais ao longo de toda a vida dos estudantes, permitiría reducir estas cifras. Entre as súas vantaxes cóntanse:

- A EIS aumenta o coñecemento dos mozos e mozas e mellora a súa actitude e os seus comportamentos sexuais e reprodutivos.
- Os programas que, como a EIS, están centrados no xénero teñen unha eficacia maior á hora de mellorar os resultados en materia de saúde e na redución dos índices de embarazos non desexados e de enfermidades de transmisión sexual.





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
 Data asento: 23/01/2019 13:58:55  
**Nº Rexistro: 44404**  
 Data envío: 23/01/2019 13:58:55.230



- A EIS fomenta a participación das familias e dos docentes, dos institutos pedagóxicos e dos servizos de saúde pensados para a mocidade para garantir os mellores resultados.

Así, hai moi boas razóns para repensar a escasa formación afectiva e sexual que reciben os rapaces e rapazas en Galicia, e para adoptar as indicacións difundidas pola UNESCO.

Polo exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a adoptar as indicacións da UNESCO e garantir que os rapaces e rapazas contarán na escola con educación afectiva e sexual dende os tres anos ata a universidade.

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Paula Quinteiro Araújo

Deputadas do G.P. de En Marea.

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

CSV: REXISTRONUNUP9WC-9  
 Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramite/csv/>





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 23/01/2019 13:58:55  
**Nº Registro: 44404**  
Data envío: 23/01/2019 13:58:55.230



**Luca Chao Pérez na data 23/01/2019 13:50:10**

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 23/01/2019 13:50:17**

**Paula Quinteiro Araújo na data 23/01/2019 13:50:24**

**Luis Villares Naveira na data 23/01/2019 13:50:35**

CSV: REXISTRONUNUP9wC-9  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramtes/csv/>





## (0058941) Emendas dos Grupos Parlamentarios



### Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Mixto**, a iniciativa da súa deputada **Paula Vázquez Veroa** e a través do seu voceiro, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda de adición** á **Proposición non de lei do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda núm. 44404 (10/PNP-003312)**, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa introdución da educación afectivo-sexual no ensino, incluída na orde do día da sesión plenaria dos días 19 e 20 de novembro de 2019.

#### **Emenda de engádega.**

Débese engadir o seguinte texto:

“Deste xeito, desenvolveranse os seguintes puntos:

1. Elaborar, de xeito participado coa comunidade educativa, un Plan Galego de Educación Afectivo-Sexual en 2020.
2. Desenvolver programas piloto para a integración da Educación Social e da Enfermería Escolar nos centros educativos, na medida que son figuras fundamentais para a implementación da educación afectivo sexual no eido educativo.
3. Elaborar materiais didácticos sobre educación afectivo-sexual.
4. Impulsar un estudo sobre a influencia da pornografía *mainstream* na infancia e adolescencia galega en relación coa difusión de roles de xénero tradicionais e condutas sexistas e de dominación.
6. Impulsar campañas específicas de concienciación de bo uso da Internet, sobre os riscos do sexting e sobre a ciberviolencia de xénero e sexual.





7. Impulsar campañas específicas dirixidas á infancia para a identificación por parte das crianzas de condutas de abuso sexual sobre elas.

8. Recuperar o carácter dos centros Quérote como rede de información afectivo sexual á mocidade e impulsar a colaboración dos mesmos cos centros educativos.”

Santiago de Compostela, 18 de novembro de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao  
Deputada do G.P. Mixto  
Luís Villares Naveira  
Voceiro do G.P. Mixto.

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Vázquez Verao na data 18/11/2019 12:46:52**

**Luis Villares Naveira na data 18/11/2019 12:47:02**





## (0058961) Emendas dos Grupos Parlamentarios



GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 18/11/2019 17:57:41  
Nº Rexistro: 58961  
Data envío: 18/11/2019 17:57:41.268

### Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu Portavoz, por iniciativa da deputada **María Antón Vilasánchez** ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta, ante esa Mesa, a seguinte **emenda** á Proposición non de Lei en Pleno do Grupo Parlamentario do Bloque Común da Esquerda **44404 (10/PNP-003312)** Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa introdución da educación afectivo-sexual no ensino.

### Emenda de substitución:

Débase substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a buscar a colaboración doutras institucións e entidades, nomeadamente das universidades galegas, para deseñar novas medidas orientadas a potenciar a educación emocional e afectivo-sexual en todos os niveis do ensino galego".

Santiago de Compostela, 18 de novembro de 2019.

### Asinado dixitalmente por:

**María Antón Vilasánchez na data 18/11/2019 17:56:38**

**Pedro Puy Fraga na data 18/11/2019 17:57:03**



CSV: REXISTRO9M0vM19  
Verificación:  
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramite/csv

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdegalicia.com





#### **4.2 10/PNP-004121 (0055696)**

Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Gonzalo Trenor López  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - María Soraya Salorio Porral  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Martín Fernández Prado  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Jaime Castiñeira Broz  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Diego Calvo Pouso  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Jacobo Moreira Ferro  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Antonio Mouriño Villar  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - María Julia Rodríguez Barreira  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Daniel Luís Varela Suanzes-Carpegna

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa obtención de fondos comunitarios para o proxecto de dragaxe e rexeneración da ría do Burgo, así como as actuacións que debe levar a cabo para a súa execución



(0055696) Entrada da iniciativa



GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 13/09/2019 16:30:00  
Nº Rexistro: 55696  
Data envío: 13/09/2019 14:40:58.232

### Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e por iniciativa dos deputados e deputadas **Gonzalo Trenor López, Soraya Salorio Porral, Martín Fernández Prado, Jaime Castiñeira Broz, Diego Calvo Pouso, Jacobo Moreira Ferro, Antonio Mouriño Villar, Julia Rodríguez Barreira e Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a **seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

### Exposición de motivos:

O saneamento da ría do Burgo é unha prioridade estratéxica do Goberno galego, para acadar o bo estado e a calidade das augas desta ría e para contribuír a garantir a actividade marisqueira.

O Goberno galego cumpriu cos seus compromisos para sanear a ría, colaborando e apoiando aos concellos nas súas competencias municipais de saneamento e depuración, esforzo feito ao longo dos últimos anos para sacar adiante todos os proxectos nos catro concellos da ría: A Coruña, Cambre, Culleredo e Oleiros.

As actuacións de saneamento levadas a cabo polo Goberno galego na ría do Burgo supuxeron un investimento da Xunta de 100 millóns de euros.

Cómpre agora que este esforzo investidor por parte do Executivo autonómico teña continuidade por parte do Goberno central, en canto ao cumprimento do seu compromiso de executar a dragaxe da ría do Burgo, unha actuación de rexeneración do litoral de competencia estatal. Un proxecto que o Goberno estatal ten redactado e que conta cun investimento previsto de 46 M€, pero que desde hai máis dun ano permanece metido nun caixón.

Cómpre lembrar que nun encontro mantido o 15 de xaneiro de 2019 entre a Administración central, a Xunta de Galicia e os Concellos, o Goberno galego puxo sobre a pesa a proposta de redirixir fondos europeos (FEDER xestionado pola Administración central) inexecutables en prazo, cara esta actuación.

O Ministerio para a Transición Ecolóxica quedou en tramitar a ampliación do destino de fondos, dándolle traslado á Comisión Europea dese acordo acadado no mes de xaneiro entre Xunta, Goberno central e Concellos.



CSV: REX-ISTRO: Mpx017B08  
Verificación:  
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramite/csv

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 13/09/2019 16:30:00  
Nº Rexistro: 55696  
Data envío: 13/09/2019 14:40:58.232

Porén, na visita que a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade realizou a Bruxelas no mes de abril confirmouse que, ata ese momento, o Executivo español non tiña dado nin un só paso neste sentido ante as institucións europeas.

Pese a isto, desde a Xunta aproveitouse a ocasión para trasladarlle ás autoridades comunitarias a necesidade de que os fondos comunitarios que foran consignados para proxectos de saneamento e depuración na nosa Comunidade se sigan destinando a estes fins e solicitou das institucións comunitarias que se dean facilidades para que os fondos destinados ao Goberno de España para saneamento se poidan investir tamén na dragaxe ambiental da ría do Burgo, como actuación de mellora da calidade das augas.

A día de hoxe non hai certezas de que o Ministerio teña feito os trámites necesarios para dar cumprimento ao acordado. Tan só coñecemos noticias ao respecto polo que ten publicado algún medio de comunicación.

A isto vense engadir a recente petición realizada pola conselleira de Infraestruturas e Mobilidade ao secretario de Estado de Medio Ambiente, solicitándolle información oficial ao respecto das xestións e dos avances na reasignación dos fondos europeos á dragaxe da ría do Burgo.

Por todo isto, e tendo en conta que estamos ante unha actuación necesaria e cunha grande incidencia sobre o medio, o marisqueo e o propio turismo da zona, desde este grupo parlamentario presentamos a seguinte proposición non de lei para o seu debate en **pleno**:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a esixir do Goberno do Estado:

- 1.- A remisión de información oficial das xestións e os avances que ten feito de cara a cumprir co compromiso acadado con Xunta e Concellos no mes de xaneiro, relativo á solicitude ante as autoridades europeas do cambio de destino, cara á dragaxe e rexeneración da ría do Burgo, daqueles fondos FEDER xestionados pola Administración do Estado que sexan inexecutables en prazo.
  - 2.- No seu caso, urxir ao Goberno de España a que axilice as xestións ante a Unión Europea necesarias para a obtención de fondos comunitarios para esta actuación.
  - 3.- Dote de orzamento suficiente o proxecto de dragaxe, actuación de rexeneración do litoral de competencia estatal, establecendo un cronograma completo con prazos e previsións realistas para a súa execución.
3. Presente un plan social que recolla compensacións a aqueles mariscadores que non poidan traballar durante a execución das actuacións de dragaxe da ría e, nesta liña,



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
 Data asento: 13/09/2019 16:30:00  
**Nº Rexistro: 55696**  
 Data envío: 13/09/2019 14:40:58.232

teña en conta o ofrecemento realizado pola Xunta de Galicia de cofinanciar nun 10% un plan social de axuda aos mariscadores.

4. Constitúa unha comisión de seguimento na que estean representadas todas as administracións e organismos implicados: Ministerio, Xunta de Galicia, Concellos da ría (A Coruña, Cambre, Culleredo e Oleiros), confraría e sector marisqueiro”

Santiago de Compostela, 13 de setembro 2019.

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 13/09/2019 14:33:08**

**Gonzalo Trenor López na data 13/09/2019 14:33:25**

**María Soraya Salorio Porral na data 13/09/2019 14:33:33**

**Martín Fernández Prado na data 13/09/2019 14:34:03**

**Jaime Castiñeira Broz na data 13/09/2019 14:34:17**

**Diego Calvo Pouso na data 13/09/2019 14:34:37**

**Jacobo Moreira Ferro na data 13/09/2019 14:34:52**

**Antonio Mouriño Villar na data 13/09/2019 14:35:10**

**María Julia Rodríguez Barreira na data 13/09/2019 14:35:23**

**Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 13/09/2019 14:35:36**



CSV: REGISTRO007ED08  
 Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
 15701 Santiago de Compostela  
 T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)



## (0058950) Emendas dos Grupos Parlamentarios



### Á MESA DO PARLAMENTO

**O Grupo Parlamentario Mixto**, por iniciativa do seu deputado **Francisco Casal Vidal**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa as seguintes **emendas á Proposición non de lei en Pleno do Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa obtención de fondos comunitarios para o proxecto de dragaxe e rexeneración da ría do Burgo, así como as actuacións que debe levar a cabo para a súa execución, **doc. núm. 55696 (10/PNP-004121)**, incluída na sesión plenaria do 19 e 20 de novembro de 2019.

#### **Emenda número 1 de modificación.**

Débase modificar o punto 3 da parte resolutiva da Proposición non de lei, que quedará redactado co seguinte contido:

“3.- Instar a Xunta de Galicia a dotar de orzamento suficiente, dentro dos seus orzamentos de 2020, o proxecto de dragaxe da Ría do Burgo. Orzamento que complete o aportado polo Goberno do Estado e no seu caso os fondos aportados pola UE. Nesta liña instar a Xunta de Galicia a pactar o antes posible co Goberno do Estado un cronograma completo con prazos e previsións realistas para a súa execución.”

#### **Emenda número 2 de modificación.**

Débase modificar o punto 4 (por erro na proposta figura como punto 3) da parte resolutiva da Proposición non de lei, que quedará redactado co seguinte contido:

CSV: REXISTRO00XAF28Y4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramite/csv/>





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 18/11/2019 16:34:55  
**Nº Registro: 58950**  
Data envío: 18/11/2019 16:34:55,705

“4.- Instar a Xunta de Galicia a presentar un plan social que recolla compensacións a aqueles mariscadores que non poidan traballar durante a execución das actuacións de dragaxe da ría e nesta liña solicitar ao Ministerio de Transición Ecolóxica a súa colaboración financeira para este plan dentro do orzamento total da dragaxe.”

Santiago de Compostela, 18 de novembro de 2019.

Asdo.: Francisco Casal Vidal  
Luís Villares Naveira  
Deputado e Voceiro do G.P. Mixto.

**Asinado dixitalmente por:**

**Francisco Casal Vidal na data 18/11/2019 16:33:39**

**Luis Villares Naveira na data 18/11/2019 16:33:50**





## (0058953) Emendas dos Grupos Parlamentarios



### Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa obtención de fondos comunitarios para o proxecto de dragaxe e rexeneración da ría do Burgo, así como as actuacións que debe levar a cabo para a súa execución (doc. núm. 55696).

### Emenda de modificación

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- 1º) Adoptar con urxencia as medidas orzamentarias necesarias para asegurar o financiamento autonómico do proxecto da dragaxe ambiental da ría do Burgo.
- 2º) Esixir do Goberno do Estado que axilice as xestións ante a Unión Europea necesarias para a obtención de fondos comunitarios para esta actuación.

Pazo do Parlamento, 18 de novembro de 2019

### Asinado dixitalmente por:

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 18/11/2019 17:20:27**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 18/11/2019 17:20:51**



CSV: REXISTROKHL0LJP8  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramite/csv/>



#### **4.4 10/PNP-004215 (0057039)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - Matilde Begoña Rodríguez Rumbo

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - José Manuel Pérez Seco

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - Patricia Vilán Lorenzo

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación e futuro do estaleiro Barreras, de Vigo





(0057039) Entrada da iniciativa



### Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, José Manuel Pérez Seco e Patricia Vilán Lorenzo**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

A política de publicidade e propaganda do goberno Feijóo dende 2009 ten un dos seus exemplos máis notorios no asunto Pemex. Tódolos galegos e galegas recordamos a desconexión en “prime time” da televisión pública para que o presidente presentara a empresa mexicana Pemex, como unha especie de “Eldorado” para Galicia. Nun momento, ademais en que as taxas de desemprego eran moi elevadas nas comarcas máis industrializadas do país.

Falou o presidente Feijóo dunha morea de contratos de construción de buques nos estaleiros galegos, tanto os privados en Vigo, como os públicos en Ferrol, ademais do establecemento dunha base loxística de distribución de hidrocarburos de Pemex para Europa no porto de Punta Langosteira. Íanse a construír, ademais dous floteis, tres buques tanque, un atuneiro, un barco de apoio a plataformas petrolíferas, outro buque-hotel, a renovación de parte da frota, dous quimiqueiros e os remolcadores... só se construíron dous floteis.

Noutra precampaña, a empresa anunciou a entrada no capital de Barreras, cun control do 51 % desde 2013. Co anuncio de establecer unha “alianza estratéxica” que a Xunta de Galicia impulsou coa petroleira; foi logo dunha ampliación de capital de 5,1 millóns abonada ao completo por Pemex para salvar a empresa ante a mala situación de Barreras, que lle permitiu aos mexicanos acceder a tecnoloxía naval da empresa galega para iniciarse na construción naval.

Os galegos e galegas vimos que neste escenario de publicidade e propaganda, a realidade lamentablemente acabou por imporse. Aínda que Pemex anunciou a construción dun terceiro flotel en setembro de 2015 no estaleiro de Barreras (Vigo), xa no mes de novembro de 2016, manifestou que non se ía construír ese novo buque e que paralizaba a futura, e non comezada, base loxística de Punta Langosteira (A Coruña). Os dous floteis construídos foron o único resultado da xigantesca operación de propaganda.

CSV: REXISTROYOSVFN519  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramite/csv/>



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · [gp-socialista@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.es)



Agora, en 2019, Pemex anunciou que deixa Barreras e abandona Galicia tras sete anos de presenza e só os dous froteis construídos. A petroleira estatal mexicana considera o estaleiro vigués un activo non estratéxico e intenta diminuír a súa elevadísima débeda, e todo parece indicar que México quere retirarse de maneira precipitada do capital de Barreras por orde do novo Goberno de López Obrador.

As últimas novas apuntan a que a Xunta de Galicia valora agora intervir no rescate de Barreras, media década despois de dalo por salvado grazas a Pemex e cando o Presidente Feijóo presumiu dun movemento que era positivo "para os traballadores, para o sector e para toda Galicia". Agora, a Xunta reconece "preocupación" e o vicepresidente, Alfonso Rueda, considera a Barreras un activo "moi importante", tanto polo tamaño como pola "carga de traballo vixente" e os centos de empregos directos, indirectos e na industria auxiliar, tendo na actualidade unha carteira de pedidos duns 900 millóns, polo que demanda coñecer as necesidades reais de Barreras para procurar unha solución "integral" para a empresa e as auxiliares.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:


O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Realizar un informe detallado sobre:

1.1. Os fondos públicos da Xunta de Galicia recibidos pola empresa Hijos de J. Barreras (especialmente a súa accionista maioritaria, Pemex) para os seus investimentos en Galicia, tanto para a construción naval, como para a adquisición do estaleiro Barreras, en caso de telos recibido.

1.2. Os mecanismos de control postos en marcha por parte da administración autonómica en relación aos fondos aportados a estas operacións empresariais.

2. Realizar un informe sobre o posible impacto negativo que provocará a saída da petroleira Pemex do accionariado da navieira Barreras e con relación ás súas auxiliares.





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
 Data asento: 04/10/2019 17:31:33  
**Nº Rexistro: 57039**  
 Data envío: 04/10/2019 17:31:33.295

3. Abrir unha mesa de traballo entre a empresa Hijos de J. Barreras, os seus acredores e a Xunta de Galicia para tentar chegar a un acordo antes de que remate o prazo do concurso de acredores, así como procurar a viabilidade que permita a continuidade do estaleiro.

Pazo do Parlamento, 04 de outubro de 2019

Asdo.: Matilde Begoña Rodríguez Rumbo  
 José Manuel Pérez Seco  
 Patricia Vilán Lorenzo  
 Deputadas e deputado do G. P. dos Socialistas de Galicia  
 Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga  
 Portavoz do G. P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 04/10/2019 17:21:30**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 04/10/2019 17:22:03**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 04/10/2019 17:22:21**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 04/10/2019 17:22:36**



CSV: REXISTROXs/F1619  
 Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramtes/csv/>

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
 Tlf: 981 551 530 · [gp-socialista@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.es)



## (0058952) Emendas dos Grupos Parlamentarios



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
 Data asento: 18/11/2019 16:51:56  
**Nº Rexistro: 58952**  
 Data envío: 18/11/2019 16:51:56,071



**OFICINA PARLAMENTAR**  
**Parlamento de Galiza**  
 Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
 gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
 15702 Santiago de Compostela  
 Galiza

### Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á Proposición non de lei para debate en Pleno**, doc. núm. **57039 [10/PNP-004215]**, do Grupo Parlamentar dos Socialistas de Galicia, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación e futuro do estaleiro Barreras, de Vigo, incluída na orde do día da sesión plenaria convocada para o vindeiro 19 de novembro de 2019.

#### Emenda de adición

No punto 3, engadir despois de: “acredores”, e antes de “A Xunta de Galicia”, o seguinte: “as empresas auxiliares”.

#### Emenda de adición

Engadir os seguintes puntos que pasan a ser o 4 e 5:

“4. Estudar a intervención pública en Barreras ben a través da Xunta ou da SEPES capitalizando o investimento público e promovendo a creación dun grupo empresarial naval de capital mixto na ría de Vigo.

5. Convocar a Mesa de contratación do naval para procurar solucións de futuro e analizar o deterioro das condicións laborais e a perda de postos de traballo no sector.”

Santiago de Compostela, 18 de novembro de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**

CSV: REXISTROXERALEN2HQRAL7  
 Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramite/csv/>





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 18/11/2019 16:51:56**  
**Nº Registro: 58952**  
Data envío: 18/11/2019 16:51:56.071



REGISTRO  
Nº 177041212  
04/2005  
**OFICINA PARLAMENTAR**  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp\_bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Deputado do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 18/11/2019 16:50:43**

**Ana Pontón Mondelo na data 18/11/2019 16:50:49**

CSV: REXISTROX2-HQ9RAL7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





#### **4.5 10/PNP-004237 (0057248)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Noa Presas Bergantiños

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Ana Belén Pontón Mondelo

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Olalla Rodil Fernández

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - José Luis Rivas Cruz

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - María Montserrat Prado Cores

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Xosé Luís Bará Torres

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e as actuacións que debe levar a cabo en relación coa violencia sexual



(0057248) Entrada da iniciativa



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
 Data asento: 09/10/2019 13:19:17  
**Nº Rexistro: 57248**  
 Data envío: 09/10/2019 13:19:17,640



OFICINA PARLAMENTAR  
 Parlamento de Galiza  
 Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
 gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
 15702 Santiago de Compostela  
 Galiza

### Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A violencia machista exercida contra as mulleres é un problema de primeira orde, contrario aos dereitos humanos e que a escala mundial representa un auténtico xenocidio. Historicamente esta violencia ten sido minimizada, ocultada e invisibilizada. Porén, grazas ao feminismo e aos movementos de mulleres no mundo, temos dado pasos de xigante que, aínda que insuficientes, deben recordarnos a nosa capacidade colectiva e transformadora no combate do patriarcado.

Nos últimos anos asistimos a mobilizacións históricas en Galiza que dan cumprida conta da fartura diante dunha situación que é insostíbel. Nos últimos anos as respostas aos feminicidios que impulsa o feminismo galego teñen aumentado en número de convocatorias e en asistencia. Así mesmo, asistimos a dúas folgas históricas no 8 de marzo de 2018 e 2019 que superaron toda expectativa.

Un dos debates que o feminismo ten conseguido colocar na axenda pública é o da violencia sexual. Movementos como o #PrimAcoso ou o #Meetoo así como a resposta a casos como o da Manada marcaron un antes e un despois na conciencia





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
 Data asento: 09/10/2019 13:19:17  
**Nº Rexistro: 57248**  
 Data envío: 09/10/2019 13:19:17.640



REGISTRADO  
 Nº: 27204212P  
 04/02/09  
**OFICINA PARLAMENTAR**  
**Parlamento de Galiza**  
 Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
 gp\_bng@parlamentodegalicia.gal  
 15702 Santiago de Compostela  
 Galiza

colectiva, e deben marcar un antes e un despois tamén na resposta das administracións públicas.


É preciso recoñecer a importancia e gravidade das violacións e agresións sexuais na nosa sociedade e a insuficiencia nos recursos de intervención e atención. Segundo datos do propio Consello Xeral do Poder Xudicial hai un 80% de feitos delictivos que non se denuncian. Malia isto, as denuncias teñen experimentado un incremento das agresións e as persoas expertas da cadea xudicial e de atención alertan ademais dun incremento na súa brutalidade.

Así mesmo, a Fiscalía Xeral do Estado ten alertado nas súas recentes edicións da Memoria Anual sobre o aumento da violencia e os delitos de natureza sexual entre as persoas máis novas e relaciónao directamente coa preeminencia da pornografía nas redes sociais e como forma de educación e socialización sexual.

Galiza está dotada dun amplo marco legal que inclúe a violencia sexual como unha forma de violencia machista desde o ano 2007. Porén, a Xunta de Galiza non ten feito o esforzo suficiente por desenvolver este marco e por adaptar os recursos a todo tipo de violencia. Así mesmo, cómpre recordar que o Estado español continúa a incumprir o Convenio de Istambul e tamén o propio Pacto de Estado que prometía avanzar nunha definición da violencia machista que supere o enfoque patriarcal e reduccionista que a limita ao ámbito familiar e da parella.

Por todos estes motivos, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:







**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
 Data asento: 09/10/2019 13:19:17  
**Nº Rexistro: 57248**  
 Data envío: 09/10/2019 13:19:17.640



REGISTRADO  
 Nº 177041212  
 04/02/09  
**OFICINA PARLAMENTAR**  
**Parlamento de Galiza**  
 Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
 gp\_bng@parlamentodegalicia.gal  
 15702 Santiago de Compostela  
 Galiza

1. Dirixirse ao goberno central para:

a) demandar a introdución no marco legal do concepto de consentimento para mellorar a tipificación e tratamento da violación e das agresións sexuais así como a consideración destes delitos como delitos de carácter público.

b) Impulsar a aplicación da directriz do artigo 36 do Convenio de Istambul que estipula que as autoridades deben adoptar todas as medidas necesarias para garantir que o sexo non consentido sexa tratado sempre coma un delito.

c) modificar a definición estatal de violencia de xénero de acordo co Convenio de Istambul de forma que a violencia sexual sexa recoñecida como tal, como xa fixo a lei galega no ano 2007.

d) desenvolver as actuacións legais de organización necesarias para que os delitos de violencia sexual sexan instruídos nos xulgados exclusivos de violencia machista e transferir a Galiza os recursos orzamentarios necesarios para esta adaptación.

2. Desenvolver as seguintes medidas para mellorar a intervención diante das agresións sexuais:

a) Un incremento substancial dos recursos económicos destinados especificamente a loitar contra a violencia de xénero que, como mínimo, deben situarse no 1% dos orzamentos da Xunta de Galiza para o ano 2020 e contemplar partidas específicas para mellorar a atención á violencia sexual.

CSV: REXISTRO00jpe4zx08  
 Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
 Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
 gp\_bng@parlamentodegalicia.gal  
 15702 Santiago de Compostela  
 Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
 Data asento: 09/10/2019 13:19:17  
**Nº Rexistro: 57248**  
 Data envío: 09/10/2019 13:19:17.640

b) Garantir a gratuidade da atención xurídica ás vítimas de violencia sexual por ser vítimas de violencia machista e impulsar unha campaña específica para informar da existencia deste recurso.

c) Promover un programa específico de formación en materia de violencia sexual para todos os ámbitos profesionais que traballan na prevención e atención da violencia machista (ámbitos sanitarios, policiais, administrativos e xurídicos, educativos, administración local...).

d) Constituír unha mesa de traballo na que se avalíe, xunto cunha representación do ámbito xudicial, policial e forense, a casuística das denuncias en Galiza por agresión sexual, de cara a analizar posíbeis fallos na cadea de atendimento e intervir no seu baixo número.

e) Avaliar no prazo de tres meses o funcionamento do Protocolo de Coordinación e Cooperación Institucional fronte á violencia de xénero respecto da violencia machista e as súas necesidades de mellora.

f) Desenvolver campañas informativas para fomentar na sociedade o coñecemento de que as ferramentas contra a violencia machista, como poden ser os CIM e o teléfono 016 están á disposición para o atendimento e asesoramento tamén diante de agresións sexuais, tanto para as vítimas como para terceiros e terceiras.

g). Impulsar iniciativas no campo da prevención e sensibilización da mocidade:

1. Desenvolver un estudo integral, especialmente entre a mocidade, en materia de afectividade e educación sexual encamiñado a elaborar unha

CSV: REXISTRO091pe4zv08  
 Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 09/10/2019 13:19:17**  
**Nº Rexistro: 57248**  
 Data envío: 09/10/2019 13:19:17.640



REGISTRADO  
 Nº 177041212  
 04/2009  
**OFICINA PARLAMENTAR**  
**Parlamento de Galiza**  
 Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
 gp\_bng@parlamentodegalicia.gal  
 15702 Santiago de Compostela  
 Galiza

diagnose que permita determinar, entre outras cuestións, o grao de coñecemento en materia de sexualidade e afectividade, a pervivencia e reprodución de estereotipos, prexuízos e roles de xénero antes do primeiro semestre de 2020.

2. A partir dos datos do estudo elaborar, de maneira dialogada coa comunidade educativa así como con profesionais da sexoloxía e a saúde emocional da infancia e a adolescencia, un Plan galego de educación sexual e afectividade para a súa implementación en todos os niveis educativos dotado orzamentariamente e monitorizado para o seu cumprimento.

3. Antes do remate de 2019 planificar e iniciar a extensión a todos os centros de educación secundaria do país obradoiros específicos sobre o consentimento co obxectivo de contribuír a superar a preeminencia da pornografía como referente formativo na mocidade galega; así como desenvolver as actuacións necesarias para incorporar contidos coeducativos transversais de superación da dominación sexual en todas as fases educativas.”

Santiago de Compostela, 9 de outubro de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

**Luis Bará Torres**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

CSV: REXISTROcujpe4zx08  
 Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
 Data asento: 09/10/2019 13:19:17  
**Nº Rexistro: 57248**  
 Data envío: 09/10/2019 13:19:17.640



REGISTRADO  
 Nº: 272041212  
 04/2005  
**OFICINA PARLAMENTAR**  
**Parlamento de Galiza**  
 Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
 gp\_bng@parlamentodegalicia.gal  
 15702 Santiago de Compostela  
 Galiza

**Montserrat Prado Cores**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 09/10/2019 12:58:30**

**Xosé Luís Bará Torres na data 09/10/2019 12:58:39**

**María Montserrat Prado Cores na data 09/10/2019 12:58:54**

**Olalla Rodil Fernández na data 09/10/2019 12:59:02**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 09/10/2019 12:59:10**

**Ana Pontón Mondelo na data 09/10/2019 12:59:17**

CSV: REXISTRO00jpe4zx08  
 Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





## (0058942) Emendas dos Grupos Parlamentarios



### Á MESA DO PARLAMENTO

**O Grupo Parlamentario Mixto**, a iniciativa da súa deputada **Paula Vázquez Vero** e a través do seu voceiro, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda de adición á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego núm. 57248 (10/PNP-004237)**, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e as actuacións que debe levar a cabo en relación coa violencia sexual, incluída na orde do día da sesión plenaria dos días 19 e 20 de novembro de 2019.

#### **Emenda de engádega.**

Débese engadir no apartado 2.g) un punto 4. co seguinte texto:

“2.g) 4. Impulsar campañas específicas de concienciación de bo uso da internet, sobre os riscos do sexting e sobre a ciberviolencia de xénero e sexual.”

Santiago de Compostela, 18 de novembro de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Vero

Deputada do G.P. Mixto

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. Mixto.

#### **Asinado dixitalmente por:**

**Paula Vázquez Vero na data 18/11/2019 12:45:22**

**Luis Villares Naveira na data 18/11/2019 12:46:00**

CSV: REXISTROB/A260a3  
Verificación:  
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv





## (0058962) Emendas dos Grupos Parlamentarios



GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 18/11/2019 17:57:53  
Nº Rexistro: 58962  
Data envío: 18/11/2019 17:57:53.612

### Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu Portavoz, por iniciativa da deputada **Paula Prado del Río** ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta, ante esa Mesa, a seguinte **emenda** á Proposición non de Lei en Pleno do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego **57248 (10/PNP-004237)** Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e as actuacións que debe levar a cabo en relación coa violencia sexual.

#### Emenda de substitución:

Débase substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:

1. Dirixirse ao Goberno de España para:

a) Demandar a introdución no marco legal do concepto de consentimento para mellorar a tipificación e tratamento da violación e das agresións sexuais así como a consideración destes delitos como delitos de carácter público.

b) Impulsar a aplicación da directriz do artigo 36 do Convenio de Istambul que estipula que as autoridades deben adoptar todas as medidas necesarias para garantir que o sexo non consentido sexa tratado sempre coma un delito.

c) Modificar a definición estatal de violencia de xénero de acordo co Convenio de Istambul de forma que a violencia sexual sexa recoñecida como tal, como xa fixo a lei galega no ano 2007.

d) Desenvolver as actuacións legais de organización necesarias para que os delitos de violencia sexual sexan instruídos nos xulgados especializados de violencia machista no caso de que o presunto autor non sexa menor, e transferir a Galiza os recursos orzamentarios necesarios para esta adaptación.

e) Garantir a gratuidade da atención xurídica ás vítimas de violencia sexual por vítimas de violencia machista e impulsar unha campaña específica para informar da existencia deste recurso.

2. Desenvolver as seguintes medidas para mellorar a intervención diante das agresións sexuais:

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdegalicia.com

CSV: REXISTRO:GP:KEKHA3  
Verificación:  
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramite/csvf





GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REGISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 18/11/2019 17:57:53  
Nº Rexistro: 58962  
Data envío: 18/11/2019 17:57:53.612

- a) Un incremento dos recursos económicos destinados especificamente a loitar contra a violencia de xénero e contemplar partidas específicas para mellorar a atención á violencia sexual.
- b) Promover un programa específico de formación en materia de violencia sexual para todos os ámbitos profesionais que traballan na prevención e atención da violencia machista (ámbitos sanitarios, policiais, administrativos e xurídicos, educativos, administración local...).
- c) Constituír dentro do Observatorio Galego contra a Violencia de Xénero unha mesa de traballo na que se avalíe, xunto cunha representación do ámbito xudicial, policial e forense, a casuística das denuncias en Galiza por agresión sexual, de cara a analizar posibles fallos na cadea de atendimento e intervir no seu baixo número.
- d) Avaliar o funcionamento do Protocolo de Coordinación e Cooperación Institucional fronte á violencia de xénero respecto da violencia machista e as súas necesidades de mellora.
- e) Desenvolver campañas informativas para fomentar na sociedade o coñecemento de que as ferramentas contra a violencia machista, como poden ser os CIM, o teléfono 016, o Teléfono da Muller, 900400273 e as APPS Escapp e Agresión OFF, están á disposición para o atendimento e asesoramento tamén diante de agresións sexuais, tanto para as vítimas como para terceiros e terceiras.”.

Santiago de Compostela, 18 de novembro 2019.

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Prado Del Río na data 18/11/2019 17:54:20**

**Pedro Puy Fraga na data 18/11/2019 17:54:44**



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdeg Galicia.com



## (0058969) Emendas dos Grupos Parlamentarios



### Á Mesa do Parlamento


O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da deputada **María Luisa Pierres López**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda** á Proposición non de lei en **Pleno** do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e as actuacións que debe levar a cabo en relación coa violencia sexual (10/PNP-004237, doc. núm. 57248)

#### Emenda de modificación

Débase substituír o punto 1 da parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte contido:

“1. Dirixirse ao Goberno central para:

- a) Impulsar que a Sección de Dereito Penal da Comisión Xeral de Codificación encargada por parte do Ministerio de Xustiza da Reforma do Código Penal presente coa maior prontitude as súas conclusións sobre a revisión da tipificación dos delitos sexuais ante o Congreso dos Deputados, para unha vez presentadas se proceda co firme compromiso de dar cumprimento ó Convenio de Istambul.
- b) Facilitar o incremento, de modo progresivo, tanto do número que atenda as sete principais cidades de Galicia, como da competencia dos xulgados de violencia de xénero, garantindo a dotación suficiente do persoal necesario e recursos que permita a adaptación as obrigas subscritas no Convenio de Istambul.”



CSV: REXISTROEXIUSI934  
Verificación:  
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramite/csvf





### Emenda de modificación

Débase substituír a alínea a) do punto 2 da parte resolutiva da proposición non de lei que quedará redactada co seguinte contido:

“a) Un incremento substancial dos recursos económicos destinados especificamente a loitar contra a violencia de xénero nos orzamentos da Xunta de Galicia para o ano 2020 e contemplar partidas específicas para mellorar a atención á violencia sexual.”

Pazo do Parlamento, 18 de novembro de 2019

Asdo.: María Luisa Pierres López  
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

### Asinado dixitalmente por:

**María Luisa Pierres López na data 18/11/2019 18:11:43**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 18/11/2019 18:11:54**





#### **4.6 10/PNP-004287 (0057733)**

Grupo Parlamentario Mixto - Luis Villares Naveira  
Grupo Parlamentario Mixto - David Rodríguez Estévez  
Grupo Parlamentario Mixto - Francisco Casal Vidal  
Grupo Parlamentario Mixto - Paula Vázquez Verao

Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co envío de representación deportiva a eventos que se organicen en países que lles denegan ás mulleres calquera dos dereitos recoñecidos na Declaración universal dos dereitos humanos



(0057733) Entrada da iniciativa



### Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Mixto**, a través dos seus deputados **Luís Villares Naveira**, **Davide Rodríguez Estévez** e **Francisco Casal Vidal** e da súa deputada **Paula Vázquez Verao**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento do Parlamento, presentan a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

#### Exposición de motivos:

A relevancia pública das grandes citas deportivas internacionais entendidas como grandes eventos que reclaman sobre si e sobre os países nos que se celebran a atención de todo o mundo, adquire un carácter que vai alá do estritamente deportivo. Nestas datas chamou a atención o éxito de dúas deportistas galegas que participando en eventos deportivos de carácter internacional reclamaron a atención sobre os países nos que se celebraban estas competicións deportivas mundiais e sobre o trato que as mulleres reciben nas sociedades deses países.

Tanto a atleta Ana Peleteiro como a futbolista Verónica Boquete manifestáronse recentemente sobre os motivos para conceder a celebración de probas de carácter internacional a países nos que non se respectan en absoluto os dereitos da mulleres. Tanto a plusmarquista de triplio salto, como a futbolista que foi capitana da selección española de fútbol, referíanse a Arabia Saudí e a Qatar, onde se celebraron eventos deportivos mundiais como o campionato de fútbol e o mundial de atletismo.

As dúas deportistas galegas de elite coincidiron en sinalar a incoherencia de que un mundial con probas de atletas femininas tivera a súa celebración en Qatar, un país que non recoñece os dereitos das mulleres. Tamén se dirixen estas críticas á posibilidade de que a Federación española de fútbol leve a Arabia Saudí a celebración da Supercopa con catro equipos españois xogando nun país que nega

CSV: REXISTRO:6114462  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramite/csv/>





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 17/10/2019 09:30:00  
**Nº Registro: 57733**  
Data envío: 16/10/2019 19:18:36.220

os dereitos a unha parte da súa poboación. As dúas deportistas entenden que levar as competicións a eses países é unha sorte de recoñecemento para os mesmos e supón a normalización dunha situación que só pode ser denunciada.

Tanto para Ana Peleteiro como para Verónica Boquete, os grandes eventos deportivos non se poden usar en reforzar situacións de falta de respecto aos dereitos das mulleres, nin para que os réximes poidan adquirir a través deles unha pátina de normalidade que a sociedade non ten en absoluto.

O feminismo propugna a igualdade das mulleres e o disfrute dos mesmos dereitos que os homes. Esta igualdade debe manifestarse en todos os ámbitos das sociedades e tamén nas actividades deportivas, onde as mulleres están acadando cotas de maior visibilidade e protagonismo, tanto no seu exercicio como na súa emisión a través da televisión. Por isto é importante que non se celebren eventos deportivos en países antidemocráticos e naqueles onde as mulleres son tratadas de xeito desigual, e non gozan dos mesmos dereitos que os homes, en países nos que unha parte da actividade social está prohibida para as mulleres e nos que, por exemplo, as mulleres nin sequera poden asistir como público a eventos deportivos, ou teñen limitadísima esta participación.

Esta declaración que promove En Marea pretende denunciar a situación que padecen as mulleres nos países que usan as competicións de primeiro nivel como medio de promoción sen atender ás reclamacións internacionais sobre os dereitos das mulleres. Queremos que tanto o goberno galego como o español colaboren tamén en denunciar e non participar nestes eventos.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Mixto presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

CSV: REXISTRO\_6H-44672  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno do Estado para que se negue a enviar representación deportiva masculina e feminina a eventos que se celebren en países que denegan ás mulleres calquera dos dereitos recoñecidos na Declaración universal dos Dereitos Humanos, aprobada pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas en París o 10 de decembro de 1948.

Santiago de Compostela, 16 de outubro de 2019.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Paula Vázquez Verao

Francisco Casal Vidal

Davide Rodríguez Estévez

Deputados, deputada e Voceiro do G.P. Mixto

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Villares Naveira na data 16/10/2019 19:16:46**

**Paula Vázquez Verao na data 16/10/2019 19:16:57**

CSV: REXISTRO\_6H-44672  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 17/10/2019 09:30:00  
**Nº Registro: 57733**  
Data envío: 16/10/2019 19:18:36.220

**David Rodríguez Estévez na data 16/10/2019 19:17:08**

**Francisco Casal Vidal na data 16/10/2019 19:17:18**

CSV: REXISTRO\_6H-4462  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





## (0058951) Emendas dos Grupos Parlamentarios



### Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da deputada **Patricia Vilán Lorenzo**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda** á Proposición non de lei en **Pleno** do Grupo Parlamentario Mixto, sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co envío de representación deportiva a eventos que se organicen en países que lles denegan ás mulleres calquera dos dereitos recoñecidos na Declaración universal dos dereitos humanos (10/PNP-004287, doc. núm. 57733)

#### Emenda de modificación

Débase substituír a parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte contido:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno do Estado co fin de traballar a favor de acadar un consenso internacional para a reconsideración da participación de mulleres e homes deportistas en competicións deportivas organizadas por países nos que se vulneran os dereitos fundamentais da súa cidadanía, especialmente os das mulleres, eliminando así toda discriminación por razón de sexo nos países acolledores de eventos deportivos.”

Pazo do Parlamento, 18 de novembro de 2019

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo  
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 18/11/2019 16:09:40**

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



CSV: REXISTROAAIXB6GQ3  
Verificación:  
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramite/csvf



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 18/11/2019 16:40:45  
**Nº Registro: 58951**  
Data envío: 18/11/2019 16:40:45.098

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 18/11/2019 16:09:51**



CSV: REXISTROAAJXBaGQ3  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · [gp-socialista@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.es)





#### **4.8 10/PNP-004346 (0058344)**

Grupo Parlamentario Popular de Galicia - María Ángeles García Míguez  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Paula Prado del Río  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - María Encarnación Amigo Díaz  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Marta Rodríguez Arias  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Aurelio Alfonso Núñez Centeno  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - María Soraya Salorio Porral  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Miguel Ángel Tellado Filgueira

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa trata de seres humanos con fins de explotación sexual e a loita contra a violencia de xénero, así como as demandas que debe realizar ao Goberno central ao respecto

(0058344) Entrada da iniciativa



GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 30/10/2019 17:24:38  
Nº Rexistro: 58344  
Data envío: 30/10/2019 17:24:38.737

### Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa das deputadas e deputados **Maria Ángeles García Míguez, Paula Prado del Río, Encarnación Amigo Díaz, Marta Rodríguez Arias, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Aurelio Nuñez Centeno, Soraya Salorio Porral, e Miguel Tellado Filgueira** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de Lei para o seu debate pleno**.

### Exposición de Motivos:

O Convenio do Consello de Europa sobre prevención e loita contra a violencia contra a muller, o Convenio de Istambul, aprobouse no ano 2011 e España ratificouno no ano 2014.

A importancia do Convenio estriba en que supón o primeiro instrumento de carácter vinculante no ámbito europeo en materia de violencia contra a muller, é o tratado internacional de maior alcance para facer fronte a esta grave violación dos dereitos humanos, establecendo unha tolerancia cero con respecto á violencia cara á muller.

A violencia contra a muller reconécese no Convenio como unha violación dos dereitos humanos e como unha forma de discriminación, considerando responsables aos Estados se non responden de maneira adecuada.

Os fundamentos do Convenio son:

1. Previr a violencia, protexer ás vítimas e establecer accións xudiciais contra os agresores.
2. Sensibilizar e facer un chamamento a toda a sociedade, especialmente aos homes e nenos, para que cambien de actitude e rompan cunha cultura de tolerancia e negación que perpetúa a desigualdade de xénero e a violencia que a causa.



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REGISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 30/10/2019 17:24:38  
Nº Rexistro: 58344  
Data envío: 30/10/2019 17:24:38.737

3. Destacar a importancia dunha actuación coordinada de todos os organismos e servizos oficiais pertinentes e a sociedade civil.
4. A recollida de datos estatísticos e de investigación sobre todas as formas de violencia contra a muller.

O Convenio contempla como delito todas as formas de violencia contra a muller. Isto implica que os Estados deberán introducir nos seus sistemas xurídicos estes delitos.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia, presenta a seguinte proposición non de Lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Elaborar o primeiro Plan Estratéxico de Galicia contra a trata con fins de explotación sexual.
2. Fomentar que os concellos galegos realicen campañas de sensibilización social contra a trata con fins de explotación sexual coa finalidade de seguir concienciando á sociedade na loita contra esta lacra.
3. Acordar coa FEGAMP a modificación das ordenanzas municipais, para acabar coa tolerancia e permisividade cara á publicidade de servizos sexuais que facilitan actuacións delituosas, dando así cumprimento á medida 77 do Pacto de Estado en materia de Violencia de Xénero
4. Seguir a fomentar, en colaboración cos concellos galegos, a constitución e/ou dinamización das Mesas Locais de Coordinación Interinstitucional contra a violencia de xénero, xa que constitúen un instrumento operativo no que están representados todos os ámbitos, directa ou indirectamente, na loita contra a violencia de xénero.
5. Dirixirse ao Goberno Central para demandar:
  - a. Modificar a Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia, para incluír que son tamén formas de

CSV: REGISTRO/19/Tdgg8  
Verificación:  
https://sede.parlamentodegalicia.es/galtramite/csv/



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 30/10/2019 17:24:38  
Nº Rexistro: 58344  
Data envío: 30/10/2019 17:24:38.737

violencia contras as mulleres, conforme ao Convenio de Istambul, a violencia física, psicolóxica e sexual, incluída a violación; dando así cumprimento á medida 104 do Pacto de Estado en materia de Violencia de Xénero.

- b. Impulsar a aprobación dunha Lei orgánica de loita integral e multidisciplinar contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual, que estableza mecanismos adecuados para a prevención, reforce a persecución de oficio do delito, promova a eliminación de publicidade de contido sexual e poña en marcha servizos e programas de protección social e recuperación integral das vítimas, dando así cumprimento á medida 257 do Pacto de Estado en materia de Violencia de Xénero."

Santiago de Compostela, 30 de outubro de 2019.

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 30/10/2019 17:19:20**

**María Ángeles García Míguez na data 30/10/2019 17:19:46**

**Paula Prado Del Río na data 30/10/2019 17:20:03**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 30/10/2019 17:20:18**

**Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 30/10/2019 17:20:51**

**Marta Rodríguez Arias na data 30/10/2019 17:21:06**

**Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 30/10/2019 17:21:41**

**María Soraya Salorio Porral na data 30/10/2019 17:22:24**

CSV: REXISTRO7197Tdgq8  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramites/csv/>



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 30/10/2019 17:24:38  
**Nº Registro: 58344**  
Data envío: 30/10/2019 17:24:38.737

**Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 30/10/2019 17:22:34**

CSV: REGISTRO719T0gg8  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)



## (0058943) Emendas dos Grupos Parlamentarios



### Á MESA DO PARLAMENTO

**O Grupo Parlamentario Mixto**, a iniciativa da súa deputada **Paula Vázquez Veroa** e a través do seu voceiro, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa as seguintes **emendas de adición á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular núm. 58344 (10/PNP-004346)**, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa trata de seres humanos con fins de explotación sexual e a loita contra a violencia de xénero, así como as demandas que debe realizar ao Goberno central ao respecto, incluída na orde do día da sesión plenaria dos días 19 e 20 de novembro de 2019.

#### **Emenda núm. 1 de engádega.**

Débase engadir ao remate do punto 1. o seguinte texto:

“, con cronograma e plan orzamentario para o seu desenvolvemento, impulsando encontros coas asociacións, persoas expertas e axentes sociais implicados na loita contra esta lacra para incorporar ao Plan as súas achegas e experiencias.”

#### **Emenda núm. 2 de engádega.**

Débase engadir ao remate do punto 2. o seguinte texto:

“, especialmente no que ten que ver coa trata de mulleres e nenas, vítimas principais, aumentando os fondos da Xunta destinados a campañas de promoción da igualdade nos concellos.”

#### **Emenda núm. 3 de engádega.**

Débase engadir ao remate do punto 4. o seguinte texto:



“, trasladando ao Parlamento, no prazo máximo de tres meses, un informe sobre o número de mesas constituídas e o seu grao de efectividade.”

**Emenda núm. 4 de engádega.**

Débese engadir un punto 6. co seguinte texto:

“6. Presentar, no prazo máximo de 3 meses, un informe específico ante o Parlamento Galego sobre o desenvolvemento e execución do Obxectivo 2.3. do VII Plan de Igualdade entre Mulleres e Homes (2015-2020) en relación á atención integral de mulleres e nenas vítimas de trata.”

**Emenda núm. 5 de engádega.**

Débese engadir un punto 7. co seguinte texto:

“7. Impulsar formación específica en materia de trata de persoas con fins de explotación sexual entre todos os axentes implicados no seu tratamento e erradicación (Xustiza, Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, Sanidade...)”

**Emenda núm. 6 de engádega.**

Débese engadir un punto 8. Co seguinte texto:

“8. Crear recursos públicos de acollemento para vítimas de trata con fins de explotación sexual.”

Santiago de Compostela, 18 de novembro de 2019.





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 18/11/2019 13:13:57  
**Nº Registro: 58943**  
Data envío: 18/11/2019 13:13:57.039

Asdo.: Paula Vázquez Veroa

Deputada do G.P. Mixto

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. Mixto.

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Vázquez Veroa na data 18/11/2019 13:03:45**

**Luis Villares Naveira na data 18/11/2019 13:03:59**

CSV: REXISTROX89mWzY9  
Verificación:  
<https://seccs.parlamentodegalicia.gal/framtes/csv/>







## (0058958) Emendas dos Grupos Parlamentarios



OFCINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
 Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
 gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
 15702 Santiago de Compostela  
 Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
 Data asento: 18/11/2019 17:36:03  
**Nº Rexistro: 58958**  
 Data envío: 18/11/2019 17:36:03.151

### Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á Proposición non de lei para debate en Pleno**, doc. núm. **58344 [10/PNP-004346]**, do Grupo Parlamentar Popular de Galiza, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa trata de seres humanos con fins de explotación sexual e a loita contra a violencia de xénero, así como as demandas que debe realizar ao Goberno central ao respecto, incluída na orde do día da sesión plenaria convocada para o vindeiro 19 de novembro de 2019.

#### Emenda de modificación

Modificar o punto 1 da parte resolutiva coa seguinte redacción:

1.. Elaborar o primeiro Plan Estratéxico de Galiza contra a trata con fins de explotación sexual previa actualización do Informe: Estudo exploratorio da trata de persoas en Galiza de 2013 e da avaliación do Protocolo sobre adopción de medidas de prevención, investigación e tratamento ás mulleres vítimas de trata con fins de explotación sexual (2012).

O Plan deberá incluír, entre outras cuestións:

- Protocolos de actuación onde se definan con claridade as actuacións e responsabilidades dos distintos axentes implicados na identificación, atención, apoio e acompañamento de mulleres en situación de prostitución e trata.

- Formación específica dirixida ás forzas policiais así como a todo o persoal que directa ou indirectamente traballa con mulleres en situación de prostitución e trata con fins de explotación sexual.

CSV: REXISTROCSRENGTDP9  
 Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramite/csv/>





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
 Data asento: 18/11/2019 17:36:03  
**Nº Rexistro: 58958**  
 Data envío: 18/11/2019 17:36:03.151



REGISTRADO  
 Nº: 270421212  
 04/02/05  
**OFICINA PARLAMENTAR**  
**Parlamento de Galiza**  
 Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
 gp\_bng@parlamentodegalicia.gal  
 15702 Santiago de Compostela  
 Galiza

- Incluir unha planificación temporal das accións e medidas que integren o plan; indicadores e medidores que permitan a súa monitorización así como a verificación do seu grao de cumprimento.

- Orzamento.”

#### **Emenda de adición**

Engadir nas accións dirixidas á Xunta de Galiza como punto 4 bis o seguinte texto:

“4 bis. Incrementar para 2020 a contía das axudas destinadas ás entidades e organizacións que atenden as mulleres en situación de prostitución e vítimas de trata con fins de explotación sexual.”

Santiago de Compostela, 18 de novembro de 2019

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Deputada do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 18/11/2019 17:35:19**

CSV: REXISTROCBEGTQP9  
 Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramite/csv/>






**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 18/11/2019 17:36:03**  
**Nº Registro: 58958**  
Data envío: 18/11/2019 17:36:03.151



REGISTRO  
0042700042700  
00427000

**OFICINA PARLAMENTAR**  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Ana Pontón Mondelo na data 18/11/2019 17:35:29**





## (0058970) Emendas dos Grupos Parlamentarios



### Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da deputada **María Luisa Pierres López**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda** á Proposición non de lei en **Pleno** do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa trata de seres humanos con fins de explotación sexual e a loita contra a violencia de xénero, así como as demandas que debe realizar ao Goberno central ao respecto (10/PNP-004346, doc. núm. 58344)

#### Emenda de modificación

Débase substituír o punto 3 da parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte contido:

“3. Amosar o apoio á Fegamp para que se cumpra e se execute de maneira inmediata a medida nº 77 do Pacto de Estado, relativa ao estudo xurídico que está a desenvolver a FEMP sobre as reformas que se deberían levar a cabo nas ordenanzas municipais para rematar coa tolerancia na publicidade de servizos sexuais que facilitan actuacións delituosas”.

#### Emenda de adición

Débase engadir un novo punto na parte resolutiva da proposición non de lei que quedará redactado co seguinte contido:

“4 bis. Impulsar a realización dun estudo sobre as novas realidades da Trata e as respostas operativas que se deben implementar en Galicia para que as actuacións policiais teñan maior facilidade á hora de intervir en espazos de alto nivel de control por parte dos proxenetas, incluídas as vivendas, dando resposta ó cumprimento da medida 264 do Pacto do Estado en materia de violencia de xénero.”

Pazo do Parlamento, 18 de novembro de 2019

Asdo.: María Luisa Pierres López  
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

#### Asinado dixitalmente por:

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 18/11/2019 18:15:25  
**Nº Rexistro: 58970**  
Data envío: 18/11/2019 18:15:25.119

**María Luisa Pierres López na data 18/11/2019 18:14:26**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 18/11/2019 18:14:36**



CSV: REXISTROWD3KDRNG  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramtes/csv/>

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · [gp-socialista@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.es)

